


IV PROBA DA LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN

CONCELLO PORTO DO SON

ORIENTACIÓN



BOLETÍN 2

Campionato galego sprint

11 DE ABRIL DE 2018

ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL ARNELA
PORTO DO SON

1. Datos xerais:

▶ Horario:

- ▶ **14:30.-** Apertura de Secretaría.
- ▶ **15:00.-** Cuarentena (Pavillón Santa Irene).
- ▶ **15:30.-** Saída dos primeiros participantes.
- ▶ **17:30.-** Peche de meta.

*O tempo máximo de carreira é de **50 minutos**.

▶ Mapa:

- ▶ URBANO PORTO DO SON. Rexistro FEDO C-2044-17
- ▶ Escala 1:4000.
- ▶ Equidistancia: 5 metros.
- ▶ **Coordenadas Secretaría:** 42.72305, -9.00748

▶ Tipo de proba:

Distancia Sprint. Aplícase, polo tanto, a normativa específica desa modalidade.

▶ Como chegar:

- ▶ A vila de Porto do Son atópase na ría de Muros e Noia entre as localidades de Noia e Santa Uxía de Ribeira. Para chegar a nosa vila, podedes acceder, si se viaxa desde a zona Sur, pola autovía do Barbanza (AG-11) ata a localidade de Ribeira e, desde alí, coller dirección N pola AC-550. Tamén,

accedendo desde a zona de Santiago, a través da Autovía de Brión (AG-56), que logo se transforma no corredor de Noia (CG-1.5).

▶ Centro de Competición:

O centro de competición estará localizado no Pavillón Santa Irene (servizo de chan duro), no mesmo casco da vila de Porto do Son. Para chegar o centro de competición será necesario seguir as indicacións colocadas, por medio das sinais habituais (indicador coa frecha de orientación) que serán colocadas no acceso á entrada do Colexio Santa Irene (km 87,7 da AC-550). Na beira da estrada AC-550 hai zona branca para poder aparcar. Rogamos que se respecten as sinais indicadoras e os mapas que axuntamos para chegar ó centro de competición. Hai outras opcións de chegar pero, por cuestións organizativas, a única alternativa oficial é a indicada.

* **ATENCIÓN.** Na parte dianteira do Pavillón, pola entrada principal (lado Norte), queda **prohibido aparcar**, xa que interfere coa entrada/saída de corredores na proba.

* **ATENCIÓN.** Establécese unha **CUARENTENA**, na que os competidores estarán concentrados, dentro do Pavillón, ata o momento de saída. Dispondremos dun reloxo coa hora (-5 minutos) para regular o tránsito de participantes ata os caixóns de saída, situados ó lado da instalación.



ATENCIÓN. Como xa adiantamos en outras informacións, a nosa proba coincide en día coa celebración dunha etapa do Rali de Noia. Esta previsto

que durante a tarde, a partir (segundo estimacións) das 17:30, os coches participantes entren nun parque pechado para facer labores de mantemento antes de afrontar o tramo de monte. Este parque pechado quedou establecido na zona do paseo marítimo, nunha explanada preto do club náutico (a posición exacta queda reflectida no mapa enlazado máis abaixo). Rógase moita prudencia en toda a celebración do sprint. Aínda que as horas non coinciden e tódolos participantes no rali deben respectar as normas de circulación, insistimos en aumentar a precaución cando se transite pola rúa. Queda prohibido o acceso ó parque cerrado automobilístico.

Consulta este MAPA para vela información descrita no texto.

► **Características da zona:**

Mapa urbano elaborado no 2015 que recolle o casco da vila de Porto do Son, no que se desenvolverá integramente a proba deste ano.

O mapa céntrase nas rúas e zonas abertas da nosa vila. Carreira rápida, de moitas tomas de decisión e lectura continua de mapa. Por este motivo, vai a ser moi recomendable para todos os percorridos, a utilización de zapatillas de asfalto, desaconsellándose o uso de zapatillas de tacos ou cravos.

Levarase a cabo unha **cuarentena dos participantes**, sendo obrigatorio estar dentro do Pavillón Municipal antes das 15:00.

2. Percorridos:

Para participar nunha das categorías oficiais, en función da idade do deportista, hai que estar en posesión da licencia deportiva correspondente, emitida pola Federación Española de Deportes de Orientación. O resto dos participantes, deben inscribirse nas categorías de Iniciación Curta ou Iniciación Longa.

PERC	CATEGORÍA	DISTANCIA	Nº CONTR.	ESCALA
Per. IC	INI CURTA	1.070	16	1 : 4.000
Per. IL	INI LONGA	1.930	18	1 : 4.000
Per. 01	M/F-12	1.340	15	1 : 4.000
Per. 02	M/F-14	1.420	15	1 : 4.000
Per. 03	M/F-16	1.650	16	1 : 4.000
Per. 04	M/F-18	2.230	18	1 : 4.000
Per. 05	F-21B	1.710	16	1 : 4.000
Per. 06	F-21A * M-21B	2.160	20	1 : 4.000
Per. 07	F-35 * M-21A	3.080	25	1 : 4.000
Per. 08	F-40 * M-45	2.820	24	1 : 4.000
Per. 09	F-45 * M-50	2.570	22	1 : 4.000
Per. 10	F-50	1.530	15	1 : 4.000
Per. 11	M-40	3.220	25	1 : 4.000
Per. 12	F-E * M-35	3.320	27	1 : 4.000
Per. 13	ELITE	3.460	26	1 : 4.000

3. Sistema de clasificación para o Campionato

Galego de Sprint.

Como xa sabedes, este ano celébrase o **Campionato Galego** de distancia Sprint. Organízase en 2 etapas.

A primeira etapa vai a ser a proba de Porto do Son e a segunda organízase o club BudiñoRaid o 23 de xuño.

O sistema de clasificación neste campionato vai a ser a suma dos tempos acadados nas dúas probas. Nesta primeira etapa gardaranse os tempos que cada corredor logre e serán sumados os tempos que consigan na proba de Budiño. Quedará Campión Galego aquel corredor, con licencia de tempada que, **PARTICIPANDO NAS 2 PROBAS**, acade o menor tempo, sumando as 2 etapas. O resto de participantes nas dúas etapas serán ordenados con este mesmo criterio para establecer a clasificación xeral.

4. Servizo de ludoteca e chan duro..

O servizo de ludoteca **NON ESTARÁ DISPOÑIBLE** para a proba da tarde. Os nenos poden quedar dentro do Pavillón, pero é imprescindible que se atopen sempre en compañía dun adulto que se responsabilice deles. A organización non se pode facer cargo da vixilancia dos nenos.

5. Comer e durmir.

https://drive.google.com/open?id=13gHkEcQEHy_F41XXXu3U1vzvpac&usp=sharing

6. Colaboradores:

MAPA 2017:

